

Benigno Rosón (Lugo, 1972)

Formación: Licenciado en Informática.

- Que fai un experto en Big Data?

Nunha sociedade que xera millóns de datos a diario na rede, o estudo e interpretación da información convértese nunha ferramenta fundamental para a toma de decisións. Un experto en Big Data será polo tanto aquel que saiba tratar este conxunto de datos con diversas técnicas e plataformas tecnolóxicas, analízalos e convertelos en información de valor para a organización.

Debe ser un experto nalgún destes eidos: matemáticas, estatística, informática, economía...; e ter gran capacidade para a resolución de problemas. Debe ser capaz de resolver e explicar o que analizou de xeito que os demais o entendan e debe ter a capacidade de adaptarse facilmente a calquera sector.

- Como se chega a esta especialización no eido sociosanitario?

A aplicación de Big Data na saúde farase intensiva tanto para a prevención da saúde, como para o resto de actividades sanitarias: investigación, diagnóstico, tratamento e avaliación de resultados terapéuticos.

Os servizos de saúde xeran ao día millóns de datos en formato dixital que precisan ser analizados. Os propios cidadáns xeran gran cantidade de información relacionada co estado da súa saúde.

As previsións indican que en 2016 se construírán 2,47 millóns de dispositivos de saúde con conectividade móbil integrada e a finais do 2016 estímase que haberá 4,9 millóns de sistemas de monitorización sanitaria no fogar con capacidades de comunicación. Actualmente xa existen máis de 40 mil apps de saúde para smartphones e tablets e 247 millóns de usuarios no mundo teñen unha app de saúde no seu smartphone.

A partir do seu coñecemento e experiencia, os médicos usan toda a información posible para diagnosticar correctamente: enfermidades, probas diagnósticas, hábitos de saúde, adherencia aos tratamentos, xenética... O Big Data facilita a análise de todas as evidencias médicas de todos os pacientes e da súa contorna para tomar a mellor decisión.



XORNADA

Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

- Que oportunidades de futuro representa esta especialización dixital?

O experto en Big Data é unha das profesións máis prometedoras para o século XXI. Segundo a revista Harvard Business Review, os analistas en Big Data serán os profesionais máis buscados nos próximos anos debido á crecente demanda e á escaseza de expertos preparados para afrontar esta tarefa.

O uso de Big Data na contorna da saúde suporá, segundo o estudo do Kinsey Global Institute, un beneficio de 300.000 millóns de dólares ao sector sanitario nos EUA.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

O profesional que sexa capaz de extraer, analizar e interpretar o volume de datos de valor que se xera na contorna empresarial e transformalos en información de valor para a empresa, de xeito sintético e fiable, será un profesional de incalculable valía dentro da compañía na que traballe.

O xestor do Big Data nas empresas axudará a tomar decisións estratéxicas de xeito máis preciso, rápido e eficaz. Este profesional debe ter unha importante formación técnica complementada cunha formación multidisciplinar, debe ser analítico e ao mesmo tempo innovador.